





Save the Children

CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO


Versión adaptada para nenos e nenas de 6 a 8 anos



Ola! Presentámosche un pequeno libro sobre os teus dereitos. Sabes o que é un DEREITO?

**É unha cousa importante
que ninguén che pode quitar,
que temos todas as
persoas. Ti tamén!**

**Ademais de Dereitos, temos
Deberes, que son as tarefas que
temos que facer para que todas as
persoas poidamos vivir ben.**



Propómosche que coñezas
estes dereitos e fales deles
na escola, na casa e alí onde
queiras, para que tanto ti coma
as demais persoas, adultos
e nenos, os respectedes e
poñades en práctica.

Ola!



Ola!





Ola!




Todas as nenas e nenos de 0 a 18 anos temos unha lei internacional que nos protexe: A Convención sobre os Dereitos do Neno. Todos os nenos e nenas temos os mesmos dereitos. Iso quere dicir que os gobernos, as familias e todas as persoas que nos rodean deben protexernos e tratarnos ben.


Debuxa aquí os teus amigos



Todos os nenos e nenas somos importantes!
Por iso, os gobernos e todas as persoas
deberán facer aquilo que sexa mellor
para a nosa vida
e para que esteamos ben.



Debúxate! →




**Eu
tamén!**

E máis eu!



**Todos os nenos e nenás temos
un nome, e iso é un dereito!**

**Eu chámome
Guim.**




**Eu Mar,
e ti?**



Escribe aquí o teu nome:


**Temos dereito a vivir ben, sen medo, coas
persoas que queremos e que nos queren,
e temos o deber de respectar e coidar
as persoas que queremos.**



**Temos dereito a que todas as persoas nos
traten ben e que ninguén nos faga dano.
Debemos tratar ben os outros nenos e
nenas e a todas as persoas, porque
tamén é o seu dereito.**



**Temos dereito a recibir axuda cando estamos
doentes, a ir ao centro de saúde
e a que nos poidan curar.
Temos o deber de coidar o noso corpo
e comer alimentos sans.**



**Temos dereito a ir á escola
e a aprendermos moitas cousas**




**Ademais, temos
o deber de facer
as tarefas
que propoñen
as mestras
e os educadores.**

Temos dereito a pasear por bosques e
campos cheos de flores e sen lixo.
Temos dereito a bañarnos en mares e
ríos limpos, a respirar aire san
e a beber auga potable.

Temos o deber
de respectar a
natureza, as
plantas e os
animais.



Temos dereito a dicir o que pensamos e que outras persoas, nenos, nenas e adultos, nos escoiten. Se outra persoa di algo que non nos gusta témoslle que respectar, porque é a súa opinión.



**Temos direito a descansar,
a brincar, a estar con outros nenos e
nenas, a rir e a gozar de espazos
no campo e na cidade.**



**Temos dereito a falar a nosa lingua,
a participar nas festas e costumes
tradicionais, e a que as nais e
os pais nolo ensinen. Ademais, debemos
respectar as linguas e costumes
diferentes aos nosos.**

Que lingua pensas que falan?



Привет!
Как дела!



早上好!
阙数字!



**Temos dereito a que as nais, os pais,
as mestras e os educadores nos digan
cando non facemos ben algunha cousa
e a que nos ensinen a facelo mellor.**

**Tendes que
estar máis
atentos!**

**Imos ao parque xogar
despois da clase?**



CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

Versión adaptada para nenos e nenas de 6 a 8 anos



Save the Children

A primeira edición deste material (agosto 2009) foi financiada polo Concello de Barcelona, a Generalitat de Cataluña, o Concello de Terrassa e o Concello de Lleida.

Estas institucións outorgaron o seu consentimento para a adaptación da presente obra ao resto de linguas oficiais do Estado español, así como para o seu uso e difusión por parte do Defensor del Pueblo.

Se queres falar con algunha persoa sobre os teus dereitos, para saber máis ou porque non se respectou algún dos teus dereitos, podes contactar con:

Defensor del Pueblo

C/ Zurbano, 42

28010 Madrid

900 10 10 25 (Teléfono gratuito)

91 432 79 00 (Teléfono 24h)

registro@defensordelpueblo.es

www.defensordelpueblo.es

© Mercè Allàs
M 36974-2014

